

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
VINTE E CATRO DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D^a Vanessa Rodríguez Búa

NON ASISTE:

D. Rafael Domínguez Piñeiro

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as doce horas e trinta e seis minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

UNICO: PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO PROXECTO DE INVERSIÓN PLURIANUAL DENOMINADO “URBANIZACIÓN O REVEL”, ASÍ COMO AUTORIZACIÓN PARA ALTERACIÓN DAS PORCENTAXES DE APLICACIÓN DE GASTOS PARA CADA ANUALIDADE. Polo Sr. Secretario dáse conta da **proposición da alcaldía de 18 de xullo de 2018**, que se transcribe literalmente a continuación:

“Co fin de poder proceder á urbanización no Revel-Vilalonga é necesario aprobar un proxecto de investimento plurianual así como a alterar as porcentaxes de aplicación de gastos para cada anualidade, polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

-Aprobar o proxecto de investimento denominado “Urbanización no Revel-Vilalonga”, así como a autorización para a alteración das porcentaxes de aplicación de gastos para cada anualidade, utilizando a facultade prevista no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, conforme ao cadro que a continuación se indica:

		N		N+1		N+2		N+3		N+4		total proyecto		
		máximo		máximo		máximo		máximo		máximo				
		2018	%	2019	legal	%	2020	legal	%	2021	legal		%	2022
1	Urbanización O Revel	453.158,90	24,19	455.000,00	317.211,23	16,93	500.474,74	271.895,34	26,71	465.000,00	271.895,34	24,82		1.873.633,64

O **Sr. Secretario** manifestou que, ao tratarse dun asunto que non pasou previamente por comisión informativa, antes do seu debate e votación, debería ratificarse a súa inclusión na orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, pediu unha explicación sobre a urxencia deste asunto.

O **Sr. Presidente** precisou que se non se adopta este acordo, non pode ir ao pleno do luns a aprobación do convenio para a construción do colexio de Vilalonga, previa aprobación do proxecto de urbanización.

Ao non producirse mais intervencións respecto da **ratificación da inclusión deste asunto na orde do día**, o **Sr. Presidente** someteuna a votación, na que, por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que era necesario este punto para a aprobación do proxecto de urbanización pola Xunta de Goberno, que ten delegada esta competencia pola Alcaldía e, posteriormente, no próximo pleno ordinario, o convenio para a execución da obra. Os acordos teñen que adoptarse en distintos tempos, por iso había que facer un pleno extraordinario para aprobar este proxecto de investimento.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que se lle comunicou este asunto onte pola tarde, o que demostra que este goberno toma as decisións sen criterio e sen previsión e así é mais fácil cometer erros.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, logo de dicir que está ben que se urbanice O Revel, indicou que era verdade que nos últimos tempos hai un pleno extraordinario cada dúas semanas e pode pensarse que con iso preténdese pillar por sorpresa á oposición ou buscar publicidade, á parte de que cada pleno custa diñeiro aos veciños.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que esta era unha demanda histórica dos veciños de Vilalonga e esperaba que isto non fose só unha posta en escena por estar en precampaña electoral. A interveniente engadiu que houbo unhas declaracións nas que se especificaba que as obras comezarían no ano 2019 e o colexio non estaría operativo ata o curso 2020-21, estranándose de que na época do anterior goberno existise un informe desfavorable do Interventor ao proxecto de urbanización e agora se se poida. O **Sr. Interventor** tomou a palabra para precisar que o anterior informe era do ano 2012 e decía que non existían fondos propios e, agora, tampouco, pero se pode ir a unha operación de endebedamento. A **Sra. González-Haba Pérez** continuou dicindo que volvía o Sr. Telmo Martín e volvía o endebedamento e que nos presupostos da Xunta para 2017, só figuraban 50.000,00 euros para o colexio. Finalmente afirmou que non ía poñer ningún impedimento, pero que consideraba que tanto o proxecto de urbanización como o de construción do colexio, deberíanse facer públicos.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que se trataba dunha proposta para catro anos e a primeira anualidade farase con cartos do orzamento aprobado, non sabendo a que nós referimos cando se fala de orzamento, destacando que no presuposto deste ano non había ningunha partida destinada a esta finalidade, o que demostra a falta de previsión do goberno e engadindo que, anteriormente, pola avaliación da capacidade orzamentaria, non había a posibilidade de planteamentos a catro anos. O interveniente lembrou precedentes no mesmo ámbito, como o campo de fútbol e a gardería, que se fixeron cando non había proxecto de urbanización e que polo anterior goberno municipal solicitouse varias veces da Consellería de Educación pechar un convenio para a execución do colexio e non lles fixeron caso, o que indica que varia o comportamento segundo o goberno municipal de que se trate, aludindo a que era unha actitude típica do PP darlle as obras un carácter electoral, anunciando finalmente o seu voto favorable a esta proposición.

O **Sr. Interventor** especificou que non había crédito presupostario específico para esta finalidade no orzamento de 2018, o que se existe é a posibilidade de acudir ao endebedamento para este proxecto cuatrianual, explicando pormenorizadamente esa opción, lembrando que a execución depende da avaliación de estabilidade orzamentaria e que o concello ten o compromiso de dotar crédito para as próximas anualidades.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, explicou que a urxencia era obrigada se se quería levar o convenio para a execución das obras ao próximo pleno ordinario, convocándose esta sesión cando coñeceron a

necesidade deste acordo. Polo que respecta ao custo deste pleno, dado que os membros do goberno municipal non cobran pola asistencia, o importe ascende a uns 500 euros, o que non lle parecía moito cando se trataba dunha inversión tan importante. Por último o interviniente e, respecto da actuación Consellería de Educación, destacou que ata xaneiro deste ano non se lle puxeron a disposición os terrenos.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, precisou que se estaba a falar da urbanización e existía unha dúbida, mesmo polos técnicos municipais, sobre se se podía excutar a obra do colexio simultaneamente coa urbanización, con posterioridade a ela ou sen facela, preguntóuselle respecto diso á consellería dous anos e non contestaron, o que foi á parte dos trámites para poder poñer a disposición os terreos, que eran complexos e que tardaron o que tiveron que tardar.

A **Sra. Deza Martínez** indicou que non soportaba as mentiras, precisando que chamou aos voceiros o xoves pasado para convocalos a unha Xunta de Voceiros este luns, as cinco da tarde, que tivo que adiantarse as catro, explicando para que ía ser esa Xunta, polo que respecta ao proxecto de urbanización, era do ano 2013, xa estaba aprobado inicialmente, faltando a fiscalización de intervención para a aprobación definitiva, non tendo ningunha dúbida de que a construción pode ir á vez que a urbanización, o que non se pode facer e recibir a obra ata que estea finalizada a urbanización, ao igual que calquera desenvolvemento urbanístico, engadindo que se quere asinar canto antes o convenio e, sobre o proceder da Consellería de Educación, lembrou que na época do goberno do bipartito, a Xunta de Galicia pretendía que o concello financiase o 50 % da obra, cando noutros concellos non era así, ademais de que esixiu un ISA, o que provocou que lle afectase o POL e un atraso sen o cal o proxecto xa estaría executado, rematando a súa intervención para destacar que foron gobernos do PP os que fixeron todos os trámites.

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que a chamada do xoves foi para quedar o luns e, onte, a explicación foi deficiente, como se demostrou hoxe polo dito polo Sr. Interventor, entre o que estaba que o diñeiro se vai a liberar da actuación no Pazo de Quintáns, polo que cando entrou neste salón non sabía que se ía aprobar, non se explicou correctamente e así non pode votar, o que lle prexudica porque, se vota en contra ou pola abstención, van dicir que esou en contra do colexio de Vilalonga, o que non é certo, porque estou a favor, pero non sabía o que se ía a votar neste pleno, o que segue demostrando a nula previsión do equipo de goberno municipal.

O **Sr. Agís Balboa** sinalou, respecto do importe das asistencias á sesión, que dependendo de cada quen 90 euros era diñeiro e que agora sobra diñeiro para todo, cando antes non o había e proseguiu dicindo, lembrando o sucedido na obra da Avenida Rocafort, que recomendaba que o proxecto fose público e que esta actuación había que facela canto antes, quedando por resolver o que se ía facer co colexio vello, dando a idea de que se podía realizar un albergue para o camiño de Santiago. Finalmente o interviniente precisou que a el non o chamou a **Sra. Deza Martínez**, intervindo entón esta concelleira para manifestar que ao concelleiro no uso da palabra chamouno o Sr. Gonzalo Pita.

A **Sra. González-Haba Pérez** lembrou os prazos ditos na súa anterior intervención, sobre que as obras comezarían no ano 2019 e que o colexio non estaría operativo ata o curso 2020-21, agardando que isto non responda a unha campaña electoral, porque os

nenos merecen que o colexio estea feito desde fai tempo.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que o que lles dixeron demostra que o goberno está a improvisar e, en canto aos trámites, lembrou que tamén pretendeuse expropiar terreos que xa eran municipais. En canto ao protocolo para o financiamento ao 50 % coa Xunta para a construción dos colexios, á parte de non estar a favor do mesmo, lembrou que o asinou polo concello o actual alcalde e que era unha manifestación de intencións, aínda que nel se recollía a construción de dous colexios, o de Vilalonga e o de Dorrón, estando plenamente convencido que, agora, este último non se vai realizar. Finalmente rematou dicindo que era unha indecencia que o colexio, despois de 14 anos estea como está e, sobre a campaña electoral, dixo que dado o tempo transcorrido, os votantes actuais xa eran os destinatarios do colexio no seu momento.

O **Sr. Presidente** aludiu a que era triste escoitar como membros da oposición estaban en contra do colexio, porque lles gustaría que non se fixese, pero se vai facer e tamén o proxecto de urbanización no Revel, estando alí a gardería, tamén feita por un goberno do PP, en cambio vostedes non fixeron nada, só mentir aos veciños, engadindo que lle gustaría facer un pleno cada semana con inversións millonarias e, se non queren venir, non veñan. O interveniente sinalou que cando estaban na oposición, a Sra. Rodríguez Búa parou ao policía, que nos traía unha documentación que pedimos por escrito, para darlle o visto e prace. Neste momento interveu a **Sra. Rodríguez Búa** para manifestar que isto último era unha mentira. A continuación o **Sr. Presidente** explicou que inmediatamente se ía soterrar a liña de media tensión e logo executárase a urbanización, sen que quede isto aí, porque tamén o campo de fútbol de Vilalonga necesita unha inversión, precisando que para o colexio, a Xunta incluiu este ano no presuposto 300.000,00 euros e, para o ano vindeiro, 3.900.000,00 euros, para un total de 4.200.000,00 euros de inversión, preguntándose de seguido porque a oposición non pide por escrito todo o que levamos feito desde o 1 de xuño do ano pasado e o que entra doutras administracións, cando o goberno anterior estivo dous anos e non foi capaz de aprobar nin o proxecto de urbanización, que nós aprobaremos nunha semana, precisando que en Vilalonga, entre a Xunta e o Concello van gastar máis de seis millóns de euros. Finalmente o interveniente aludiu a que a oposición está molesta porque se vai facer un colexio como Dios manda en Vilalonga e que non se vai a facer un colexio novo en Dorrón, estanse a facer pequenas reparacións, pero non se poden facer seis colexios novos en Sanxenxo, deixando ao Sr. Otero Domínguez que trate de obter con isto algúns votos. Finalmente e, logo de que a **Sra. Fernández Agraso** manifestase que o Sr. Martín González estaba a mentir, o **Sr. Presidente** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, a **proposición de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

-Aprobar o proxecto de investimento denominado “**Urbanización no Revel-Vilalonga**”, así como a autorización para a alteración das porcentaxes de aplicación de gastos para cada anualidade, utilizando a facultade prevista no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, conforme ao cadro que a continuación se indica:

	N	N+1		N+2			N+3			N+4			total proyecto	
		máximo		máximo			máximo							
		2018	%	2019	legal	%	2020	legal	%	2021	legal	%		2022
1	Urbanización O Revel	453.158,90	24,19	455.000,00	317.211,23	16,93	500.474,74	271.895,34	26,71	465.000,00	271.895,34	24,82		1.873.633,64

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: